



Confederación Intersindical Galega

Propostas para pular polo emprego

Esta é a proposta presentada pola CIG na Mesa de Negociación sobre o Emprego convocada pola Xunta de Galiza, que contou coa presenza da CIG, CCOO, UGT e CEG

Introdución

Un Plano de Emprego ten como unha base fundamental, en situacións como a galega, un roxecto de desenvolvemento a medio e longo prazo, baseado na industrialización do país, e debe contar, así mesmo, necesariamente cun modelo de organización do territorio. E como finalidade básica a creación neta do emprego necesario como para rematar co paro.

Pero, ademais, para crear postos de traballo debemos contemplar a redución da xornada laboral, a eliminación das horas extras e a realización de novos servizos (preservación da natureza, atención ás persoas discapacitadas, etc.), tendo en conta o avance inmenso en capacidade produtiva orixinado nas últimas décadas.

Tampouco se pode ignorar que, segundo sexa o xeito de como se acumule ou reparta a riqueza, vai orixinar un maior ou menor tipo de crecemento económico e do emprego, xa que unha distribución máis equitativa favorece o consumo, especialmente de produtos e servizos autóctonos. Ten unha gran relevancia acadar así mesmo a plena incorporación da muller e a mocidade ao traballo retribuído e eliminar as diferenzas salariais hoxe existentes.

Ainda debemos engadir un aspecto máis. Non só se trata de crear emprego do xeito tradicional, máxime cando se fala de problemas estruturais para acadar a plena ocupación. Cómpre dotar-se de políticas activas que incorporen axiña a actividade a todos aqueles que están hoxe á marxe do mercado laboral. Cómpre ademais, en sociedades como as actuais globalmente tan ricas, dotar-se de mecanismos redistributivos (do traballo e da riqueza producida) que permitan asegurar a todos uns niveis mínimos.

Mais de pouco valen todas estas ideas, o necesario debate que se orixina na sociedade e entre os estamentos implicados directamente no problema, se despois non se levan á práctica.

A Xunta de Galiza acaba de convocar a reunións aos axentes sociais para falar destes temas, despois de facer durante os últimos anos ouvidos xordos ás reivindicacións que a cotío lle facíamos os sindicatos. Esperamos que non se trate nesta ocasión dunha cuestión de imaxe fronte á opinión pública, ou de completar o trámite decidido no último Cúmulo de Luxemburgo en materia de emprego.

Os antecedentes non axudan a crear un clima de confianza entre a Xunta e as forzas representativas dos traballadores. Por parte do goberno galego non se cumpriron os compromisos asinados en 1991 cos sindicatos, e tampouco se fixeron realidade as promesas eleitorais do partido gobernante de crear 100.000 empregos de 1993 a 1997. Como unha noxenta ironía perderon-se uns 20.000 nese período. Tampouco se entende como vai conseguir a Xunta crear emprego nos vindeiros anos, mentres se anuncia a perda de miles de postos de traballo no sector naval e están nunha situación difícil empresas emblemáticas como Álvarez, Santa Bárbara e Imenosa; e así mesmo a pesca e o

sector lácteo perden cada ano miles de empregos. En nengun destes casos se ve que a Xunta pretenda modificar a súa liña política para evitar a perda de poboación ocupada, tendo en conta que os resultados aquí contrastan cos obtidos nas outras partes do Estado e de Europa, onde reducen o desemprego. Nomeadamente desde o 3º trimestre de 1996 ao mesmo período de 1997 o emprego aumentou a nivel estatal en 336.300 persoas, e en Galiza en 1.370. Medra cativa comparada cos 86.500 de Catalunya, os 44.000 de Múrcia, os 39.400 de Canárias (para onde están emigrando miles de galegos nos últimos anos), etc.

Este non é o mellor marco para unha negociación que remate nalgo máis que declaracións, promesas e acordos mínimos que xa o executivo estaría disposto a poñer en práctica e que non van variar en nada a alta taxa de desemprego e precariedade. Cómpre en todo caso vontade negociadora por parte da Xunta. A CIG xa o demostrou cando asinou co anterior goberno (do mesmo signo ideolóxico) un acordo, deixando de lado as diferenzas políticas globais. E esa vontade negociadora pasa por estar disposta a Xunta a variar a súa política económica, por manter unha política máis activa fronte a Bruxelas e Madrid, por exixir máis competencias e exercé-las e por actuar como empresáριο ali onde o capital privado galego é insuficiente ou non chega.

As medidas e iniciativas que nós presentamos pretenden, ademais de ser unha contribución ao debate e incorporar algunhas novidades, conseguir acordos concretos e básicos que permitan crear emprego e evitar a precariedade e marxinação dos desempregados. Entendemos, ademais, que de pouco valen acordos que queden en papel mollado, mentres as decisións reais sobre os destinos do país se sigan a tomar fóra. Desde o Parlamento Galego teñen-se feito propostas positivas, aprobadas por unanimidade, sobre temas moi diversos, como: o sector público produtivo, o problema lácteo, a axilización das autovías, a mellora da rede de camiños de ferro, etc., que nunca se puxeron en práctica, ou nos casos que houbo que defendé-las no Parlamento de Madrid, os partidos de ámbito estatal votaron a maioría das veces en contra (incluíndo os parlamentários galegos deses partidos). As conversas que se van abrir entre o goberno galego e os sindicatos son un bo momento para demostrar que non se van asinar acordos que logo non se cumpren, ou que se di unha cousa aquí e outra en Madrid, que Galiza pode decidir o seu destino libremente.

Por último temos que facer referencia a que aínda aplicando un Plano de Emprego consensuado e acorde coas necesidades da nación galega nos vindeiros catro anos sería moi difícil eliminar o desemprego totalmente. Así, por exemplo, mentres se manteñen altas taxas de paro, a produtividade e a riqueza social é mais alta que nunca, aínda que distribuída dun xeito moi desigual e mantendo taxas altas de desemprego ou precariedade. Cómpren medidas que solucionen axiña esta contradición, que permitan un mellor reparto da riqueza, sen estar supeditados á creación privada de novos postos de traballo. Ao noso entender o centro do debate debe estar tamén neste punto, xa que é o único xeito de dar unha resposta rápida ao problema do desemprego e a precariedade, ou sexa, evitando un reparto cada vez máis desigual da riqueza... porque diso se trata.

Analisemos agora máis polo miúdo a situación do emprego en Galiza e as posíbeis respostas nos vindeiros catro anos.



O emprego e a súa evolución

Moito se ten escrito e argumentado sobre os motivos polo que descende a poboación ocupada. Uns falan de que isto é culpa da falla de espírito empresarial, outros do minifundismo agráριο, hai quen busca as razóns no século pasado, pero o certo é que a causa fundamental é a dependéncia externa e uns partidos políticos entregados a eses intereses. Dependéncia económica e política que se estende logo ao campo social e da cultura. Están tamén mal defendidos e debilmente representados os nosos intereses ante o goberno central e, como non podía ser doutro xeito, ante a Unión Europea. Hai quen mesmo pretende culpar fundamentalmente os galegos disto; é como se dixésemos que os angolanos tiveron o que se merecían durante a colonización portuguesa por deixaren-se conquistar.

A dependéncia económica e política reflecte-se na falta dun proxecto propio de desenvolvemento, na discriminación e marxinación nos planos do estado español en materia de infraestruturas, a utilización das producións galegas como moeda de cambio ante a Unión Europea, etc. Portanto, a nosa economía segue a cumprir globalmente un papel de fornecedora de materias primas, enerxía e man de obra barata e de importadora de produtos elaborados. Funciona coas características dunha economía colonial, iso si, no marco europeo e desde hai moitos séculos.

O desemprego e o nivel de precariedade e pobreza non é máis alto xa que por meio da emigración se "expulsou" a unha gran parte da poboación rural. Fala-se de expulsión porque se incentivou desde o goberno do Estado, cunha dobre finalidade: diminuír o desemprego encoberto e recadar divisas para o despegue económico das áreas industriais, mesmo recibendo subvencións por cada emigrante que chegaba a un país da Europa Central na década dos 60. Galiza ia participar minimamente destes beneficios. A emigración foi masiva durante máis dun século, pero atinxiu valores máximos despois da guerra civil; foi un verdadeiro éxodo, tal como reflecten os seguintes datos de emigración baseados en cálculos sobre as diferenzas de poboación intercensais.

Ano	Emigración
1878-1910	225.083
1911-1940	113.688
1941-1970	581.788

Cando este mecanismo non serviu, xa que as economías americanas ou europeas estaban recuando, ou non necesitaban máis man de obra, o desemprego e a precarización medrarian a cifras alarmantes. O goberno apostaría pola flexibilidade laboral, aumentando a rotación dos desempregados, e colocando en situación de inseguridade case que un 50% da poboación. Isto traería consecuencias sobre a baixa natalidade, o avellentamento e perda de poboación. Pero vexamos de vagar cal é a situación actual e a súa evolución recente.

Segundo os datos estatísticos, nas dúas últimas décadas descendeu en Galiza tanto a poboación activa como a ocupada, tal e como reflecte o seguinte cadro. A poboación asalariada medrou moi pouco e o desemprego aumentou dun xeito salientábel.

ANO/PERSOAS	ACTIVAS	OCUPADAS	ASALARIADAS	PARADAS
1976	1.223.920	1.204.010	494.430	19.910
1980	1.142.110	1.087.470	500.080	54.640
1984	1.191.400	1.056.660	453.490	134.690
1988	1.187.210	1.041.650	509.610	145.560
1992	1.160.420	974.360	553.500	186.060
1994	1.136.390	916.240	517.400	220.150
1996	1.119.070	918.060	538.770	208.150

1997	1.109.320	901.284	561.290	208.040

Fonte: INE.

Este descenso da ocupación dá-se moi especialmente no sector agrario, pero tamén no número de ocupados na industria (uns 53.000, un de cada catro), mália a baixa taxa de operarios que tiña este sector hai dúas décadas e aínda que é unha actividade fundamental para manter o crecemento económico.

ANO/PERSOAS	AGRO-PESCA	INDÚSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
1976	579.350	205.150	93.650	325.380
1980	471.180	183.290	105.510	327.460
1984	488.860	164.610	71.850	330.510
1988	408.400	150.200	87.390	395.650
1992	286.400	160.140	97.640	434.200
1994	262.510	131.820	90.260	431.640
1996	235.210	142.110	94.480	439.120
1997	200.190	151.937	97.737	451.420

Fonte: INE.

Outra das diferenzas importantes dos últimos anos é o aumento da eventualidade laboral e a economía submerxida, a precariedade, tal como indica o seguinte cadro. Vemos que mentres diminúe o número de contratos indefinidos medran os eventuais ao mesmo ritmo, sen que practicamente varie o total de postos de traballo asalariados.

ANO-CONTRATO	INDEFINIDO	PORCENTAXE	EVENTUAL	PORCENTAXE
1981	449.995	88	61.337	12
1994	346.150	68,51	158.975	31,49
1996	356.200	66,26	181.400	33,74
1997, 2º trimestre	361.400	64,35	193.500	35,65

Fonte: INE.

Vexamos algunhas das características do traballo eventual, da economía submerxida e do desemprego:

- Os contratos eventuais son utilizados fundamentalmente nalguns sectores como a construción, hostalaría, etc., e entre os traballadores menos cualificados. Xeralmente son traballadores que viven no rural e nos arredores das cidades, e son galegofalantes.
- Hai un número maior de eventuais no sector privado da economía que no público. Concretamente, no 3º trimestre de 1997, no sector privado un 38,93% e no público un 16,85%. (Non temos datos a nivel galego).
- Nos contratos en que figura data de duración un 93% son por menos de 6 meses e un 36% de menos de 1 mes.
- Durante 1996 fixeron-se 410.033 contratos, para unha media de 181.400 eventuais, ou sexa, 2,2 contratos por cada eventual. Pero se sumamos eventuais e desempregados, temos 390.000 persoas dispostas a conseguir un contrato eventual (apenas un 9% son indefinidos).
- Hai traballadores que fan máis de un contrato no ano, e outros que non acadan nengun. Por exemplo de 211.200 desempregados que había no 3º trimestre de 1997, 127.400 levan máis de un ano no paro, ou sexa, que só uns 81.000 levan menos de un ano, e que portanto rotaron ou levan menos tempo en busca do primeiro emprego. Podemos aproximar que 260.000 traballadores asinaron un ou varios contratos durante 1996, mentres que 127.400 quedaron marxinados do mercado laboral.
- A situación dos parados de longa duración, especialmente dos 86.000 que levan máis de dous anos sen atopar traballo, é preocupante, e debe ser solucionada desde a solidariedade. É grave porque o número de parados de longa duración medrou en máis de 25.000 desde 1992, e ademais as prestacións económicas para os parados foi-se reducindo nos últimos anos, até abranxer menos do 50% dos desempregados.
- Outro dado, en 1996 un 8,49% das familias galegas non tiñan nengun dos seus membros empregados, contra un 69,97% con todos os seus membros traballando.
- Cómpre constatar, así mesmo, que hai un sector de traballadores na economía submerxida, sen prestación de nengun tipo e realizando xornadas extensas por salários baixos. Outro que ten contrato pero realiza xornadas máis extensas que as fixadas polo mesmo salario, e moitos que asegurados como autónomos fan traballos por conta allea. Todos estes incumprimentos da lei están favorecidos pola grande cantidade de man de obra que demanda emprego e pola falta de executividade da Inspección de Traballo. Concretamente en 1996 houbo 605.379 demandas, 420.821 ofertas e realizáronse 419.098 contratos.
- Por outra banda, unha parte dos contratos eventuais son a tempo parcial, ou sexa., cuns ingresos mínimos. En 1996 eran un 7%, a maior parte en servizos (42.300).
- O desemprego afecta especialmente ás mulleres, mocidade e maiores de 45 anos. Concretamente as traballadoras son unha ampla maioría entre os contratos a tempo parcial (2/3 do total) e entre os parados (55% do total) cando só representan un 37% da poboación ocupada. No que fai referencia á mocidade, os menores de 30 anos son o 55% dos desempregados.

Podemos resumir a situación laboral en Galiza dicendo que hai catro grandes bloques. Por unha banda, os traballadores cun posto de traballo indefinido, uns 360.000. Despois, os que

conseguen un contrato eventual cando menos unha vez ao ano, sobre 260.000. A seguir, aqueles que están na economía submerxida. E por último, aqueles parados de longa duración, 86.000, totalmente marxinaados. Sumando ve-se que os que teñen un traballo seguro e os que están nunha situación precária xa son cifras semellantes, polo que como mínimo un 50% dos asalariados galegos están hoxe condenados a vivir un futuro de incertezas.

Outro aspecto que debemos ter en conta é como se distribue a riqueza na sociedade galega.

Concretamente, se falamos dos salários, vemos que non se distribuen igual entre todas as categorías; hai diferenzas entre elas, tal e como reflecte o seguinte cadro. Poden-se ver nel as diferenzas notábeis entre categorías, pero tamén entre o tipo de contratos. Os traballadores fixos teñen unha média dun 60% máis de salario que un eventual.

CATEGORIA PROFISIONAL	TODOS OS OS CONTRATOS	CONT. INDEFINIDOS	CONT. EVENTUAIS
Todas as categorías	2.009.000	2.267.000	1.367.000
Enxeñeiros e licenciados	4.257.000	4.390.000	2.959.000
Técnicos e axudantes. titulados	3.713.000	3.897.000	2.494.000
Xefes administrativos e taller	3.443.000	3.602.000	1.738.000
Axudantes non titulados	2.912.000	3.023.000	1.834.000
Oficiais administrativos	2.375.000	2.524.000	1.486.000
Subalternos	2.343.000	2.448.000	1.517.000
Auxiliares administrativos	1.550.000	1.650.000	1.364.000
Oficiais de 1ª e 2ª	1.736.000	1.862.000	1.450.000
Oficiais de 3ª e especialistas	1.620.000	1.788.000	1.281.000
Peóns	1.204.000	1.242.000	1.166.000
Menores de 18 anos	758.000	845.000	746.000

Fonte: INE, datos para o ano 1992.

Asi mesmo, hai diferenzas notábeis segundo o sector e o sexo:

SECTOR/SEXO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Todos os sectores	2.009.000	2.112.000	1.581.000
Indústria	2.051.000	2.186.000	1.468.000

Construción	1.573.000	1.578.000	1.432.000
Servizos	2.143.000	2.312.000	1.684.000

Fonte: INE, para o ano 1992.

No anterior cadro podemos ver como os maiores salários están no sector servizos e os menores na construción, e como o persoal feminino ten uns salários 25% inferiores aos dos homes. Ademais sabemos, pola "Enquisa de Estructura Salarial" do INE, que os menores de 25 anos teñen uns salários que andan sobre o 50% dos maiores de 30 anos.

Para 1992 o INE fixo un estudo sobre o custo da hora de traballo nas distintas comunidades autónomas e que imos reproducir polo seu interese.

COMUNIDADE	TOTAL	INDÚSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
ANDALUCIA	1.150	1.218	990	1.183
ASTÚRIAS	1.453	1.608	1.145	1.274
CANÁRIAS	1.043	1.086	869	1.117
CASTELA E LEÓN	1.226	1.342	891	1.197
CATALUNYA	1.277	1.296	1.60	1.304
GALIZA	1.131	1.174	907	1.200
MADRID	1.449	1.519	1.278	1.444
PAÍS BASCO	1.458	1.591	1.329	1.559

Fonte: INE, salários por hora traballada ano 1992.

No cadro anterior reflecte-se como os salários de Galiza son moito máis baixos que os de Euscádi e Madrid, ademais están por debaixo dos de Astúrias e Catalunya, e mesmo dos de Andalucía no sector industrial e na construción. Botan por terra estes datos calquer argumento que basee a falta de competitividade das empresas galegas na cuestión salarial.



O sector produtivo

De pouco vale facer grandes investimentos e abrir novas actividades produtivas que permitan criar emprego se ao mesmo tempo perdemos unha parte do tecido produtivo. Por iso debemos implementar medidas que eviten que sectores básicos da economía, como a produción gandeira e a pesca, perdan capacidade produtiva, xa que hoxe son os esteos fundamentais da economía galega e os que xeran maior número de empregos. Teñen unha relación directa con estes sectores as seguintes actividades, ás que temos que engadir outras tan importantes como servizos, transporte, construción, etc.

Gandaria

- Explotacións gandeiras.
- Pensos compostos.
- Indústria láctea e cárnica.

Pesca

- Barcos de pesca e marisqueo.
- Reparación e construción de barcos.
- Indústria metalográfica.
- Actividade portuária.
- Empresas de conservas e frío industrial.

A produción láctea é fundamental na Galiza interior, xa que serve de medio de vida a unhas 50.000 familias directamente e a moitos miles máis de xeito indirecto. Todos sabemos que dúcias de vilas viven de dar servizos a estas explotacións agrárias, e que calquer redución nos ingresos implica unha perda de emprego na industria e nos servizos (talleres mecánicos, comercio, transporte, etc). Coa cota actual resulta imposíbel aumentar o rendimento de todas as explotacións, polo que cómpre aumentar a produción, limitada pola Unión Europea mentres o estado español importa leite. Un tema grave que afecta aos ingresos dos nosos labregos, que teñen unhas rendas moi baixas, e que pode desertizar aínda máis o interior do país.

Só en dous anos, desde 1994 a 1996, o número de explotacións gandeiras pasou de 66.621 a 51.512. A produción láctea permitida pola cota en 1995 era de 1.678.000 toneladas e a produción real de 2.178.000. A diferenza é evidente.

A pesca é outra das actividades fundamentais da economía galega e a única que completa no país o seu proceso produtivo, polo que foi capaz de sobrevivir a todas as dificultades que significou a entrada na Unión Europea, e as limitacións impostas nas capturas e tonelaxe da frota posteriores. Da pesca dependen só na actividade extractiva uns 40.000 empregos (tripulación de barcos e marisqueo), aos que hai que engadir uns 10.000 máis nas fábricas de conservas. Así mesmo, a actividade portuária, a construción de barcos e reparación, o transporte de mercadorias, o sector metalográfico, as empresas de frío industrial, etc., teñen un vencellamento directo coa capacidade de produción de materia prima. O sector ten hoxe problemas importantes, que van desde as deficientes comunicacións coa meseta, Portugal e Europa, á falla dunha representación directa nas negociacións con terceiros países no tema dos caladoiros, até un aumento das subvencións para renovar a frota, un maior investimento na acuicultura, a mellora dos portos, agrupar e diversificar a oferta, mellorar as redes de comercialización, etc.

Ademais destes sectores básicos, a economía galega conta con outras actividades que non deixan de ter importancia, mesmo algunhas, como a produción enerxética que xeran pouco emprego, pero teñen o primeiro lugar en valor engadido dentro do sector industrial. Nomeadamente, mentres en 1980 a produción de enerxía eléctrica representaba o 12,99% do valor engadido bruto industrial, en 1990 era do 26,28% (Táboas Input-Output). Ademais este é un sector estratéxico, vital para desenvolver a industria transformadora, e no que o noso país é excedentário, xa que exporta sobre un 33% da produción. Moi vencellado ao sector da enerxía está a produción e transformación de aluminio, que consome grandes cantidades de electricidade, e que conta no noso país con factorías en San Cibrao, en A Mariña de Lugo e en A Coruña.

Salienta tamén a produción de material de transporte. Así, a industria do automóbel é un dos peares da economía de Vigo. Aínda que afectado por sucesivas políticas de desmantelamento, o sector naval non deixa de ter aínda unha grande importancia e ser vital na comarca de Ferrol para manter o tecido produtivo. Contamos neste eido con estaleiros modernos capaces de construír todo tipo de

barcos (e plataformas de explotación petrolífera). Neste momento o sector do automóbel aparece como consolidado, emprega a máis de 12.000 persoas dun xeito directo, mentres que a construción naval, especialmente de grandes barcos, pasa por un mal momento, por mor das limitacións na produción impostas a Astano e Bazán pola Unión Europea.

A estas actividades hai que engadir sectores como a produción e transformación de madeira (sector no que Galiza produce entre o 50% e o 60% da madeira cortada en todo o Estado), a extracción de granito e lousa, a produción de prendas de confección. O aumento do emprego na produción de prendas de xénero e de ponto é unha demostración de como podemos saír adiante en sectores nos que non temos unha gran tradición e vantaxes comparativas con outras partes do Estado, sempre que non se nos impoñan trabas exteriores. Este sector xa ocupa neste momento un 19% do emprego industrial, unhas 28.000 traballadoras.

O noso país non conta con grandes empresas capaces de xerar ao seu arredor un entramado de pequenas e medianas fábricas. Só hai algun caso illado como Citroën, Pescanova, Zara, Endesa, Astano, Bazán, ENCE, Alúmina-Aluminio ou Coren. Unha boa parte delas son de capital público, que abranxeu tradicionalmente aqueles sectores nos que o capital privado é incapaz de actuar ou que resultan estratéxicos. A propia dimensión do sector público industrial en Galiza amosa a importancia que este tivo, e ten, no desenvolvemento económico do país. A política de privatizacións emprendida polo Goberno central, co beneplácito da Xunta de Galiza, crea unha situación de incerteza sobre o futuro destas empresas. Máxime cando en privatizacións anteriores, como a de GEA ou Sintel, as consecuencias son o progresivo desmantelamento da empresa, ou na anunciada máis recentemente do estaleiro de Barreras, que se fai dun xeito escuro.



Medidas para fomentar o desenvolvemento

Sectores produtivos

Os instrumentos con que conta hoxe a Xunta de Galiza non son suficientes para defender e desenvolver o sector produtivo, nun mercado tan competitivo, no que nuns casos os baixos salários e xornadas laborais moi longas (dos chamados países emerxentes), e noutros a avanzada tecnoloxía e boas redes de comunicación (potencias industriais), fan difícil a introdución no mercado de novas marcas e grupos empresariais. Pero é posíbel abrir un burato neste entramado perverso cando hai produtos de calidade, bo deseño e redes de comercialización adecuadas, como se pode comprobar na experiencia do sector da confección, que dobrou o emprego nos últimos catro anos.

Hai actividades nas que Galiza ten unha vantaxe comparativa, por exemplo a referida á gandaría (leite, carne) dado as características do clima e a doadal produción de herba e forraxes, aínda que hoxe están limitados por padecer os problemas derivados das limitacións que nos impón a Unión Europea. Temos esas mesmas vantaxes na selvicultura e na produción dalguns produtos agrícolas (froita, verduras, viño, flores), máxime cando hai comarcas do Mediterráneo que lideran a produción con problemas difíceis de resolver, como é o da auga. Tamén na extracción e transformación de granitos e lousa, na enerxía eléctrica...

Ademais de acrecentar e mellorar as producións primarias, acadando así un maior rendimento económico para os nosos labregos (para o que fai falla orientación e investimento público), cómpre pular porque se transformen no país, xa que, por exemplo, hoxe Galiza, que produce a metade da madeira do estado español, importa máis móbeis dos que vende. O granito fundamentalmente exporta-se en bruto. E a transformación láctea é cativa no relativo a postres, natas, etc., e outros produtos de maior valor engadido.

Coidamos que é prioritario que cando menos un 25% da poboación ocupada estea no sector da transformación. Hoxe hai un 16,5%, aínda que cunha taxa de ocupación en todos os sectores

mínima. O certo é que desde 1977, hai vinte anos, perdemos 50.000 empregos na industria, un 25% do total. No noso entorno a taxa de ocupados na industria está moi por riba destes obxectivos, que debemos considerar moderados, e por tanto realizábeis. Nomeadamente en Catalunya cun 29% de traballadores na industria e Valéncia un 25,4%, por non falar de Euscádi con taxas máis altas. A proposta que se fai desde o CES para elevar a 193.000 persoas o emprego industrial cun investimento real de 215.000 millóns cada ano até o 2002 parece-nos positiva, un bo punto de partida, aínda que a `proposta pode ser mellorada. Concretamente, poderíase superar o obxectivo de 213.000 empregos máis no sector secundário e terciário, cun crecemento na industria que nos achegue á média que teñen as autonomías ás que facíamos referéncia con anterioridade. En todo caso calquera destes obxectivos necesita un compromiso investidor directo por parte do goberno galego.

No último ano houbo un crecemento evidente do emprego na industria e nos servizos, mais debemos ser coidadosos á hora de pensar que esta é unha tendéncia consolidada, xa que en boa medida estes datos positivos deben-se a unha depreciación das moedas europeas fronte ao dólar, polo que hai unha maior capacidade competitiva exterior. Resulta difícil saber canto vai durar este período, mesmo se as depreciacións das moedas do sueste asiático, por mor da crise financeira de Hong Kong, Malaisia, Corea do Sul e Tailândia, non van a incidir negativamente. De calquer xeito debía ser aproveitada ao máximo esta situación, para gañar cotas de mercado no interior e no exterior, empezando pola Península Ibérica.

Calquer proxecto de desenvolvemento da economía galega hoxe vai unido especialmente ás relacións co norte de Portugal, co cal constituímos de feito unha gran rexión económica complementaria (por non abundar aquí na importancia histórica e cultural, e nacional, que ten este vencellamento). Os intercambios comerciais con norte de Portugal teñen un crecemento anual importante e son moi favorábeis para Galiza. A rexión económica Galiza-Norte de Portugal permite dobrar o mercado "interno" para o que producen todas as empresas galegas, facendo-as máis rendíbeis.

Respeito do IGAPE, SODIGA e INESGA, coidamos que cómpre a súa redefinición, cando menos do IGAPE e INESGA, que perderon en grande medida a súa función tradicional pola baixa taxa dos xuros. Entendemos que abundaría coa existencia de SODIGA e do IGAPE, definindo con claridade as súas funcións e evitando superposicións.

Como dicíamos no limiar, nós tamén temos propostas que facer. Desde a CIG levamos décadas solicitando medidas de apoio á creación de emprego e a industrialización do país (Plano Galego de Emprego, Plataforma Galega de Acción Sindical...). Neste momento entendemos que son necesarias as seguintes iniciativas ou medidas para consolidar os sectores básicos da economía galega, asegurar unha expansión constante e duradeira do sector industrial, no que teñan un papel importante as novas áreas de produción:

- Dedicar a investimentos un 5% do PIB para efectivizar a creación, como mínimo, de 213.000 postos de traballo no sector secundário e terciário até o ano 2002, tal como se contempla no estudo feito polo CES "Medidas e Actuacións para o Desenvolvemento e Creación de Emprego en Galicia".
- O sector industrial é fundamental para desenvolver a economía e máis o emprego en Galiza.
- Cómpre un plano específico para este sector, que se concrete por actividades e bisbarras, especialmente naquelas actividades que completen os ciclos produtivos e aumenten o valor engadido (papel, granito, móbel, maquinaria para a selvicultura e a pesca, inputs para o sector naval, etc.). O goberno galego debe ser o impulsor do desenvolvemento económico, investindo directamente ou por meio de empresas mixtas.

- A Xunta debe ter unha política activa en materia de emprego, mediante a creación de postos de traballo en actividades que o mercado non desenvolve, como aquelas que aumenten o benestar social ou dinamicen os sectores existentes. Por exemplo: técnicos e asesores en temas agrarios, de economía social, atención á terceira idade e infantil, coidado da natureza, xestión de residuos, etc.
- Pechar os ciclos produtivos, promover un desenvolvemento autocentrado, apostar pola calidade nos produtos, fomentar a asociación empresarial para mellorar a oferta e as redes de comercialización. Apoiar os sectores emerxentes que crie emprego de calidade.
- Facilitar os trámites das empresas ante as institucións (ventá única, etc.). Centralizar as axudas para fomentar o emprego e a modernización tecnolóxica. Completar a dotación dos parques empresariais.
- Paralisar a política de privatizacións das empresas públicas e de servizos básicos (ensino, sanidade, correos, camiños de ferro, etc.).
- Creación dun **Sector Público Empresarial Galego** (Instituto da Empresa Pública Galega): constituído coa transferencia das empresas públicas existentes en Galiza. Participación da Xunta en novos proxectos industriais vitais para o país, como por exemplo na transformación láctea, redes de comercialización, etc.
- Eliminar todas as trabas á construción de barcos de calquera tipo na Bazán e Astano. Coordinar tanto en Vigo como en Ferrol a actividade dos estaleiros, co fin de acadar unha mellor rendibilidade na súa explotación.
- Conseguir a liberalización da produción láctea ou cando menos acadar unha cota de 500.000 tm máis cada ano. Constituír un grande grupo lácteo galego que realice unha transformación completa da produción, no que haxa participación económica da Xunta de Galiza.
- Plano de modernización e diversificación da agricultura, co obxectivo de frear o desmantelamento do sector agrario (incorporación de mozos á agricultura e gandaría, técnicos e asesores, etc.).
- Plano de desenvolvemento rural (local) e ambiental, coa finalidade de frear a desertización da área rural (industria agroalimentaria, produtos verdes, artesanía, etc.).
- Que a Unión Europea atenda os problemas pesqueiros con terceiros países dun xeito prioritario, que se renove a frota e se apoie desde a Xunta o sector da acuicultura e marisqueo, así como o de transformación e distribución.
- Explotar racionalmente o monte, reforestar as zonas calvas (especialmente con especies autóctonas). Aproveitar o mato para coxeración de enerxía e calor.
- Recuperar e sanear economicamente empresas como Álvarez, Imenosa e Santa Bárbara.
- Creación dun Instituto Galego da Enerxía. Diversificación das fontes de enerxía e potenciación das enerxías renovábeis. Impulsar a coxeración, até chegar aos 500.000 quilovátios. Fomento da trixeración (produción de frío e calor mediante o gas).

Construir a planta regasificadora de Ferrol.

· Criación dun Instituto Galego de Crédito. Un banco público que permita apoiar as políticas económicas impulsadas desde a Xunta de Galiza, así como outras iniciativas xurdidas noutros sectores da sociedade.

· Potenciar unha política de conservación e protección da natureza e o reciclado de desperdicios. Esta é ademais unha nova e importante fonte de emprego.

· Poñer en práctica mecanismos que permitan que se reinvestan os excedentes económicos e o aforro no país (hoxe en día empresas como ENDESA son a orixe de beneficios multimillonarios, que son reinvestidos no resto do Estado; así mesmo, a banca e caixas de aforro colocan gran parte dos depósitos dos clientes en investimentos fóra do país).

· **IGAPE:** Teria como funcións o desenvolvemento empresarial. No referente a: infraestruturas e servizos, formación de cadros técnicos, información, solo industrial, I +D, apoio á exportación... Manter a política de bolsas dirixidas á xuventude, como exemplo o programa Lanza, destinado a mozos emprendedores.

· **SODIGA:** Teria como finalidade participar no capital das empresas. Nas existentes en planos de consolidación ou ampliación, e en novos proxectos que impliquen substitución de importacións, creación de emprego, sectores dinamizadores da economía, etc. Con cada empresa asinaríase un contrato, polo período de tempo que se considere adecuado. Ampliar o capital social de SODIGA e a posibilidade de acceder a recursos alleos (Fundos de Capital Risco-Capital Risco). Redución das garantías que exige para financiamento dos proxectos empresariais.

· **Fortalecemento e mellora do sistema de Garantías Recíprocas, mediante o fornecimento de recursos suficientes, de xeito que poidan ampliar a súa función de instrumentos de promoción empresarial, especialmente de empresas de nova creación.**

· **Fomento da economía social:** Impulsar o movemento cooperativo, especialmente na industria e nos servizos.

· Aumentar as subvencións por persoa para formar empresas cooperativas, priorizá-las nos planos de formación e nos proxectos de información, introducir os estudos sobre economía social en todos os planos de ensino e aumentar os fondos que dedica a Xunta a esta finalidade. O asesoramento técnico e a información sobre a situación do mercado, ante cada novo proxecto, ten que estar contemplado como un servizo do goberno galego, que se pode efectivizar através dos concellos.

· A iniciativa local (concellos) para fomentar o desenvolvemento empresarial é importante, tanto mediante o asesoramento ou a prestación de servizos, como através de participación con fórmulas mixtas, ou mesmo criando empresas públicas.

· **Bases de datos e redes de información:** Dotar de medios o Instituto Galego de Estatística con fontes propias de realización de enquisas, recollida de datos mesmo a nivel internacional, e que non sexa como hoxe un reprodutor da información do Estado. Facer unha análise máis pormenorizada da realidade económica e social galega, mediante unha análise sectorial, comarcal e municipal. Realización de soportes con esta

base informativa (impreso, CD-ROM), consolidar e mellorar a información por Internet.

· **Información para un investimento máis racional:** A Xunta debe contar con oficinas de "desenvolvemento e industrialización" en todas as comarcas, nas que se debe asesorar a calquerr cidadán sobre a situación económica por sectores, as tendencias do mercado, as axudas ás empresas, as fontes de financiamento e información existentes, etc.

· **Investigación, colaboración Universidade-Empresa-Administración:** Aumentar os fondos públicos dedicados á investigación. Priorizar proxectos. Coordinar a realización de estudos de investigación e mellorar a divulgación dos resultados nas empresas, mesmo fomentando e apoiando economicamente a súa aplicación, especialmente nas pemes.

· **Redes de comercialización:** Mellorar as redes de comercialización fomentando a creación de asociacións sectoriais para acadar unha maior introdución no mercado, e poder chegar con capacidade competitiva aos mercados exteriores. Colaboración entre estas e os servizos de información da Xunta. Potenciar a produción de calidade e con deseño. Potenciar a idea Galiza=calidade no exterior.

· **Potenciar as actividades relacionadas co lecer, ecoloxía, servizos sociais, etc:** Estas son novas necesidades sociais que abren abondosas posibilidades de emprego e que debían ser atendidas neste intre desde o sector público. A problemática ecolóxica debe ter-se en conta en toda iniciativa de ampliación ou nova construción, investigación, especialmente cando afecte a indústrias extractivas, contaminantes, transporte, especies vexetais, etc.).

· **Apoiar a cultura e a lingua galega:** Esta é unha reivindicación nacional, pero tamén unha fonte importante de emprego. Nomeadamente, pular pola nosa cultura e lingua significa manter e propiciar miles e miles de postos de traballo (tv, rádio, cinema, teatro, música, medios audiovisuais, publicacións escritas, internet, pintura, artes plásticas, artesanía, etc). A TVG debe ser un elemento básico desde o que pular polo desenvolvemento da cultura e lingua galega; mesmo habería que impulsar unha canle temática dirixida en exclusiva a temas culturais e á formación. Cómpre na TV fortalecer a produción propia, tanto por motivos de emprego como de defensa das formas culturais propias. Este é un eido en que se poden criar moitos miles de novos empregos e no que fomentamos o noso, e onde ter unha lingua distinta dá-nos toda a vantaxe competitiva.

· Apoiar aqueles medios de comunicación e publicidade que empreguen a lingua galega.

· **Impulsar a construción de vivendas sociais, co fin de facilitar o acceso da mocidade e as familias con menos capacidade adquisitiva a unha vivenda propia.**



Comarcalización e infraestruturas

Sen un proxecto de país (de como, cando, onde e por que se fan as cousas) resulta moi difícil que a iniciativa privada ou pública acade moito máis que éxitos relativos, en determinadas áreas ou conxunturas, mentres a maior parte do esforzo se perde, e con el os anceios e os desexos de miles e miles de persoas. Tampouco vale copiar o que fan na Unión Europea, ou seguir ás cegas as directrices emanadas de Madrid. Uns e outros están en realidades ben distintas e protexen os seus intereses que, non esquezamos, moitas veces son opostos aos nosos,

máxime nun mundo no que se sacraliza a competitividade e o individualismo.

Un proxecto de país é un deseño territorial e sectorial de desenvolvemento a cinco ou dez anos, onde se debuxan as prioridades en materia de infraestruturas e creación de novas empresas e servizos. A territorialización serve para evitar que se desertifique a Galiza interior, como agora pasa; e a sectorialización permite tratar as particularidades de cada actividade económica, consolidando unhas e priorizando outras. A comarcalización e sectorialización son fundamentais para a planificación dun desenvolvemento harmónico e autocentrado.

Un dos grandes problemas de Galiza, di-se, é o seu carácter periférico respecto das grandes áreas industriais de Europa (o espazo que vai de Londres a Hamburgo e de Paris a Milán). Algo que se agrava pola falla de vías de comunicación rápidas con estas zonas, pero tamén con aquelas nas que viñamos vendendo desde hai algunhas décadas os nosos produtos dentro da propia península. Hoxe está máis perto o leite que produce Normandía de Catalunya e Valéncia que o que producen os nosos gandeiros. Só o noso país, no estado español, non ten unha comunicación directa por autoestrada con Europa e coas grandes cidades do Estado. Pero algo semellante acontece co ferrocarril, onde o mal trazado das vías ou a súa deterioración non permiten en moitos tramos velocidades superiores aos 60 Kms/h; e uns portos que só teñen a vantaxe comparativa da profundidade e do abrigo natural das rias. Estamos marxinados, discriminados en materia de infraestruturas. Así resulta máis difícil competir.

Con boas vías de comunicación (estradas, camiños de ferro, portos e aeroportos) a nosa situación periférica respecto de Europa, pero central respecto de América e África, podería ser unha vantaxe, ou cando menos non ser un atranco.

Sobre estes temas facemos as seguintes propostas:

- Dotar as comarcas de máis competencias en materias de servizos (oficinas de información, servizos básicos mancomunados, etc), así como de organismos de goberno estabéis.
- Eliminar a actual división provincial e as deputacións, e trasladar as súas competencias ás comarcas.
- Construción da autovía Avilés-Ferrol e enlace a Lugo, Lugo-Ourense, Lugo-Santiago e a que vai de Santiago de Compostela a Ourense. Rematar en 1999 as autovías A Coruña-Madrid e Vigo-Madrid.
- Ampliación da largo das estradas, melloramento do firme, eliminación de curvas, construción de beiravías, etc.
- Incluir no deseño de cada nova estrada, e das xa realizadas, vereas axeitadas aos lados para circulación de peóns e vehículos lentos de uso agro-gandeiro ou forestal.
- Realizar circunvalacións das estradas nos centros urbanos.
- Realizar o investimento en novas estradas primando tanto a súa necesidade económica, como a súa función para evitar a perda de poboación e servir de atracción a novas empresas.
- Modernización dos camiños de ferro (dobre vía, electrificación, eliminación de retrocesos, novos trazados onde sexa necesario, alta velocidade, etc). Realizar os investimentos aprobados por unanimidade no Parlamento Galego, por valor de 173.000 millóns de pesetas, até o ano 2007. Realización da variante de Guadarrama.

- Unir mediante un tren de alta velocidade O Porto con Vigo e a fronteira de Franza.
- Unir mediante ferrocarril entre si todas as cidades galegas. Aceso por tren aos parques industriais.
- Melloramento dos portos e aeroportos (dotando a Santiago de Compostela de comunicación directa por ferrocarril e autoestrada, de tal xeito que se poida chegar a este aeroporto internacional rapidamente desde calquer cidade galega). Transferencia á Xunta de Galiza dos portos e aeroportos baixo dependencia do Estado.
- Constitución dun *pool* cos cinco portos principais (Vigo, A Coruña, Ferrol, Marin e Vilagarcía de Arousa) co fin de que sexa máis doada a captación de tránsitos no exterior para todos eles, evitando unha competencia inútil.
- Construír estacións de mercadorías en todas as cidades e principais vilas.
- Plano do sector das telecomunicacións, que contemple o seu desenvolvemento nas actividades industriais e educativas, así como á relación coas redes de comunicación internacional e os servizos anexos, a telefonía básica e móbil, as canles da TVG, a televisión por cabo, a televisión dixital e as televisións locais, incluíndo a difusión deica o exterior de emisións en galego, a recepción desde o exterior de programas traducidos ao galego... Acelerar o desenvolvemento da rede RDSI e de fibra óptica.
- Completar as dotacións dos parques empresariais programados polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.



Instituto Galego de Emprego e Formación

Diante da necesidade de facermos unha política activa de emprego, adaptada á realidade social e económica de Galiza, que afronte con éxito e dea solucións ao problema do paro, á perda de poboación ocupada, etc., a formación profesional é un dos aspectos a termos moi en conta. Desde a CIG coidamos que esta tarefa debe ser levada adiante desde o Instituto Galego de Emprego e Formación, cos seguintes perfís básicos:

- Organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo (ou a aquela que teña estas competencias, en caso de non se criar esta consellería tan necesaria por parte do goberno galego), con personalidade xurídica e orzamento de seu.
- Con facultades de organización xeográfica e funcional, dotado de medios materiais, informáticos, de infraestruturas e recursos humanos cualificados, que permitan:
 - a) Unha continua prospección dos mercados de traballo.
 - b) Unha intermediación eficaz, baseada nunha información e orientación profesionalizada, xunto cunha relación permanente coas empresas.
 - c) Unha política de formación deseñada en función da inserción e da colocación.

Para o desenvolvemento do IGAEF cómpre reclamar e conseguir a transferencia íntegra do INEM á Comunidade Autónoma de Galiza, para poder executar as seguintes funcións:

- 1) Exercer de mediador na busca de postos de traballo.

- 2) Xestionar as prestacións e os subsídios de desemprego.
- 3) Cualificación, orientación e cualificación profesional personalizada, se é o caso, dos demandantes de emprego (Servizo Integrado de Promoción do Emprego).
- 4) Programación, xestión e avaliación da formación ocupacional (Plano FIP e Fondo Social Europeo).
- 5) Colaboración na xestión de formación profesional continua, de xeito que se estableza nun **Acordo Galego de Formación Continua**.
- 6) Elaborar, presentar, xestionar e avaliar todo tipo de proxectos e iniciativas comunitarias de formación de emprego.

Medidas para desenvolver:

- Criación dunha Consellaría de Traballo.
- Posta en marcha do Instituto Galego de Emprego e Formación.
- Criación do Servizo Galego de Emprego, en substitución do Servizo Galego de Colocación.
- Posta en marcha dun Consello Galego de Formación Profesional.
- Negociación e transferencia das políticas pasivas de emprego do INEM ao goberno galego.
- Asinamento dun acordo galego de formación continua.
- Elaboración do Plano Galego de Formación Profesional.
- Desenvolvemento do principio de cooperación: todos os órganos rectores deben ser de composición tripartita e paritaria.
- Eliminar o Consello Galego de Ensinanzas Técnico-profesionais e as Comisións Provinciais de Formación Ocupacional.



Reforma do marco xurídico e político

Como dicíamos no primeiro parágrafo deste apartado, os instrumentos con que conta a Xunta de Galiza son insuficientes, os propios dun país dependente, e impiden o pleno desenvolvemento económico, social e cultural. Por iso valorábase atinadamente e propúñase as seguintes medidas no 1º Congreso da CIG e que aínda son plenamente vixentes:

O actual marco xurídico político (Estatuto de Autonomía, Constitución Española...) limita a nosa capacidade de obrar como nación. Neste senso, somos partidarios da súa transformación radical a fin de que Galiza conte con plenas competencias e capacidade de decisión en todas as materias. Aínda así, constatamos como sistematicamente se nos furtan posibilidades dun certo avance en aspectos capitais para o noso desenvolvemento como traballadores e como pobo, posibilidades que teñen, porén, perfecta cabida no desenvolvemento estatutario e na súa reforma en tres grandes cuestións:

FINANCIAMENTO AUTONÓMICO: Porque non podemos estar constantemente hipotecados ás contas que fai o goberno central, coidamos imprescindible acadarmos a plena autonomía financeira de Galiza e criarmos igualmente os elementos de control de contas dese pastel millónario. Só así poderíamos poñer en marcha moitas das propostas da CIG e deste programa.

PLANIFICACIÓN ECONÓMICA: Competencia hoxe reservada en exclusiva para o

Estado e fonte dos principais problemas e agresións vividas no noso país nos últimos anos (reconversión naval, negociacións pesqueiras, cotas lácteas...). Contraer compromisos e efectivizá-los en parcelas económicas decisivas de Galiza serían os sinais de identidade inconfundíbeis dun goberno galego merecente de tal nome.

LEXISLACIÓN LABORAL: Unha competencia que Galiza pode asumir, co acordo das Cortes Xerais, e que sería un aspecto clave na consecución do Marco Galego de Relacións Laborais e, loxicamente, un paso transcendental na creación do espazo social galego que a CIG propugna.



Desemprego e precariedade

Os problemas do emprego en Galiza, como no resto de Europa e do mundo, teñen que ver co reparto da riqueza e do tempo de traballo. Até o de agora sinalamos caís son os mecanismos que podemos empregar para crear riqueza, pero iso non implica automaticamente un reparto máis xusto, nen a eliminación ou que se reduza a precarización social. Cómpren outras medidas complementarias para conseguir resultados neste aspecto. Mesmo se pode dar o paradoxo de que medre moito a competitividade e a produción das empresas galegas, e crecer o emprego pouco ou ren (temos exemplos non só dentro da Unión Europea, senón en países como a Arxentina cun crecemento do PIB de media do 6% nos últimos anos, e que perde postos de traballo), aínda que isto tamén vai depender moi especialmente de como se distribua a riqueza.

O propio avance tecnolóxico leva a que con menos persoas, ou en menos tempo, se faga o mesmo traballo, polo que cómpre reducir a xornada a 35 hs para crear emprego e evitar reducións de cadros de persoal, mantendo o salario, tal como defendemos xa desde a CIG no noso Iº Congreso. O máis factíbel é que desde a Xunta se contemplen mecanismos de compensación, por exemplo subvencións a aquelas empresas que reduzan a xornada aumentando o emprego, seguindo o camiño andado polo goberno francés. Tamén podemos e debemos en cada sector e empresa loitar pola redución da xornada no marco da negociación colectiva.

É vital reducir a xornada e distribuír mellor a riqueza, de tal xeito que aumente realmente o consumo interno de produtos e servizos do país, e non como agora cando medra especialmente o consumo de bens de luxo e os investimentos de capital en países con moi altas taxas de rendibilidade (capital especulativo). Sobre a concentración das ganancias nas grandes empresas, abonda con ver como só nun ano fixeron investimentos na América Latina que superan o billón de pesetas. Esta é unha etapa en que, a medida que avanza a globalización, se dá unha maior concentración do capital e dos beneficios.

Para solucionar o tema do desemprego e da precariedade, e en gran medida da economía submerxida, temos varios mecanismos. Un, reducir agora drasticamente a xornada laboral de tal xeito que se faga necesaria a contratación de miles de persoas que hoxe están no paro. Isto traería como problema engadido a competitividade de moitas empresas, que se podería solucionar mediante subvencións. Dous, a extensión do seguro de desemprego a todos os traballadores/as en paro que teñan máis de 25 anos, ou que cunha idade inferior teñan cargas familiares. Desde a CIG apostamos por poñer en práctica ambas as medidas a un tempo, xa que sería o máis correcto.

A extensión do seguro de desemprego a todos os parados (tamén podemos chamar-lle doutro xeito, por exemplo seguro solidario) ten moitas vantaxes:

- Evita os dramatismos da inseguridade de non ter nengun ingreso, e portanto os problemas que da marxinação se derivan.

- Estabelece un escalón salarial, debaixo do que nengun asalariado vai aceptar un posto de traballo. Refrotaria axiña miles de empregos da economía submerxada e eliminaria os contratos lixo (seria un gran golpe asemade ás ETTs).

O lóxico é que este seguro de desemprego solidário sexa igual ao mínimo interprofesional, e que os que o reciben teñan obrigas (traballo público ou social e cursos de formación). O emprego social debía catalogar-se, a fin de evitar que se realicen traballos para os que habería que facer contratacións normais.

Este salario solidário só sería para aqueles que xa non teñen prestacións económicas no paro, e podía ser concedido polo goberno central ou, se é o caso, pola Xunta de Galiza.

Non estamos de acordo coas subvencións ás contratacións indefinidas, coidamos como máis positivo en todo caso penalizar os contratos eventuais. Parece-nos máis lóxico subvencionar a creación de novos postos de traballo.

Non coidamos positiva a medida que se está propiciando desde a Unión Europea, así como desde o goberno central e a Xunta de aumentar o número de contratos a tempo parcial, potenciando-os mediante subvencións. Na práctica está-se alentando a fraude, xa que moitos empresários van realizar este tipo de contratos para encobrir xornadas laborais máis extensas, como xa acontece con moitos contratos a tempo completo. Deste xeito non se cumpriría o obxectivo de cubrir un certo emprego estrutural destas características e a súa utilización sería en moitos casos fraudulenta.

Entendemos como máis positiva a iniciativa que tomaron varios gobernos dentro da Unión Europea en materia de emprego, de daren subvencións a aquelas empresas que reduzan a xornada laboral e crien novos postos de traballo, xa que non hai dúbida de que son empresas que van primar a modernización tecnolóxica e a calidade. Neste senso, a experiencia de Franca é un camiño a seguir.



Medidas pasivas contra o desemprego

- Extensión das prestacións económicas a todos os parados galegos ou que leven residindo en Galiza máis de 3 anos, maiores de 21 anos. Cun salario igual ó salario mínimo interprofesional (68.000 pta.). Os traballadores/as que receban este salario solidário deberían realizar traballos para a colectividade (que debían ser catalogados, e produto dun acordo entre os axentes sociais e a administración) e cursos para mellorar a súa formación profesional.
- Asumir desde a Xunta a cota empresarial da Seguridade Social durante a baixa por maternidade, para evitar que as mulleres sexan discriminadas no momento de accederen a un posto de traballo por este motivo, e as empresas non teñan que cargar cun custo extra que ten un claro beneficio social.
- Fomentar que aquelas persoas que voluntariamente decidan acoller-se ás xubilacións anticipadas a tempo total ou parcial, sexa con obriga de contratación dun novo traballador/a parado; permitir que as persoas que voluntariamente queiran poidan optar por unha xornada reducida, coa obriga de ser substituídas por outra; etc.
- Actuación das Inspeccións ante as fraudes na contratación, extensión da xornada laboral sen pagá-la, etc.
- Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.
- Causalidade na contratación temporal. Derrogar toda a normativa que non coloque a contratación temporal nas estreitas marxes da máis estreita causalidade.
- Supresión radical das horas extras.



Medidas mínimas para desenvolver o emprego na Galiza e solucionar os problemas de marxinación derivados do desemprego

Como argumentamos através de todo este documento, de pouco vale chegar a un acordo sobre o emprego, entre a patronal, os sindicatos e a Xunta de Galiza, se non se toman unha série de medidas que invertan a situación económica e social actual. Tampouco serve un acordo que leve o pomposo nome de Acordo polo Emprego que se concrete só en medidas ambíguas ou en temas relacionados unicamente coa formación (na última década apostou-se desde a administración en exclusiva pola formación como elemento dinamizador do emprego, e os resultados en Galiza son decepcionantes).

Cómpre tomar medidas de tipo económico e social, nas que o elemento máis activo debe ser o goberno galego. **Calquer acordo debe ser concreto e reflectir-se nos orzamentos de 1998 e sucesivos.** Se non fose así, ¿para que chegar a nengun tipo de acordo coa Xunta? Estaríamos enganando os traballadores, negociando con quen non quer comprometer-se no tema a fondo e só pretende actuar como xestor e levar méritos públicos por unha campaña de propaganda ben argallada.

Desde a CIG coidamos que o documento "Medidas e Actuacións Para o Desenvolvemento e Creación de Emprego en Galicia" é un bo punto de partida para un acordo, naqueles temas que fan referéncia ás infraestruturas e medidas para dinamizar a economía. Collendo este punto de partida propomos as seguintes reivindicacións:

- 1) Dedicar a investimentos reais un 5% do PIB para efectivizar a creación, como mínimo, de 213.000 postos de traballo no sector secundario e terciario até o ano 2002.
- 2) O goberno galego criará neste período un mínimo de 15.000 empregos públicos por ano (coidado da natureza, impulso da cultura e lingua, atención infantil e á terceira idade, etc.).

Investimentos que deben ser concretados por anos e sectores. A Xunta debe actuar como dinamizador da xeración de postos de traballo, e en sectores que resulta vital manter e impulsar, como a agricultura e o rural, criando emprego público. Emprego que se podería cofinanciar mediante proxectos subvencionados polo FEOGA, FSE, Fondos de Coesión, ou con taxas de contaminación e en colaboración cos concellos.

Potenciación de todo o relacionado co desenvolvemento da cultura e lingua galega, a defensa do ambiente e a extensión dos servizos básicos. Poden-se criar aquí miles de postos de traballo, que son necesarios, vitais para manter a identidade e benestar do país.

- 3) Que se paralise o proceso de privatización do sector público en Galiza (tanto industrial como nos servizos básicos). Que se eliminen as limitacións á produción en Astano e Bazán e se lle dea unha saída a Santa Bárbara e Álvarez. Criación dun Instituto da Empresa Pública Galega..
- 4) O sector industrial é fundamental para desenvolver a economía e mais o emprego en Galiza. Cómpre un plano específico para este sector, que se concrete por actividades e bisbarras, especialmente naquelas actividades que completen os ciclos produtivos e aumenten o valor engadido (papel, granito, móbel, maquinaria para a selvicultura e a pesca, inputs para o sector naval, etc.). O goberno galego debe ser o impulsor do desenvolvemento económico, investindo directamente ou por meio de empresas mixtas.
- 5) Conseguir a liberalización da produción láctea ou cando menos acadar unha cota de 500.000 Tm máis cada ano. Constituir un gran grupo lácteo galego que realice unha transformación completa da produción, e no que haxa participación económica da Xunta de Galiza. Que o goberno español ou galego, se é o caso, pague, se for necesario,

a multa da supertaxa láctea.

6) Renovación da frota pesqueira. Apoio á acuicultura e marisqueo, así como á transformación e comercialización de produtos do mar. Posibilidade de asinar directamente acordos pesqueiros con terceiros países, sen intermediación da Unión Europea. Fondos de Garantía para asegurar os acordos con terceiros países. Seguros específicos para a acuicultura e marisqueo.

De pouco vale fomentar a creación de novos empregos se ao mesmo tempo se van desmantelando os sectores produtivos básicos. A gandaría, a pesca e a construción naval son actividades fundamentais da economía galega, moi difíceis de substituír, e nas que así mesmo o noso país ten claras vantaxes comparativas. Só hai motivos políticos para limitar a produción.

7) IGAPE: tería como funcións o desenvolvemento empresarial. No referente a: infraestruturas e servizos, formación de cadros técnicos, información, solo industrial, I +D, apoio á exportación... Manter a política de bolsas dirixidas á mocidade, como exemplo o programa Lanza, destinado a mozos emprendedores.

8) SODIGA: tería como finalidade participar no capital das empresas. Nas existentes en planos de consolidación ou ampliación, e en novos proxectos que impliquen substitución de importacións, creación de emprego, sectores dinamizadores da economía, etc. Con cada empresa asinaríase un contrato, polo período de tempo que se considere adecuado. Ampliar o capital social de SODIGA e a posibilidade de acceder a recursos alleos (Fundos de Capital Risco-Capital Risco). Redución das garantías que exige para o financiamento dos proxectos empresariais.

Estes deben ser os dous principais mecanismos desde os que apoiar os proxectos empresariais, especialmente privados e mixtos.

9) Construción da autovía Avilés-Ferrol e enlace a Lugo, Lugo-Ourense, Lugo-Santiago e a que vai de Santiago de Compostela a Ourense. Rematar en 1999 as autovías A Coruña-Madrid e Vigo-Madrid. Ampliación do largo das estradas, melloramento do firme, eliminación de curvas, construción de beiravías, etc.

10) Modernización dos camiños de ferro (dobre vía, electrificación, eliminación de retrocesos, novos trazados onde sexa necesario, alta velocidade, etc). Realizar os investimentos aprobados por unanimidade no Parlamento Galego, por valor de 173.000 millóns de pesetas, até o ano 2007. Realización da variante do Guadarrama. Unir mediante un tren de alta velocidade O Porto con Vigo e a fronteira de Franca. Aceso por tren aos parques industriais.

11) Melloramento dos portos e aeroportos (dotando a Santiago de Compostela de comunicación directa por ferrocarril e autoestrada, de tal xeito que se poida chegar a este aeroporto internacional rapidamente desde calquera cidade galega). Transferencia á Xunta de Galiza dos portos e aeroportos baixo dependencia do Estado.

Mellorar as comunicacións é vital para Galiza. Son medidas que dependen en grande medida do goberno central pero, tendo en conta que goberna alí o mesmo partido que na Xunta de Galiza, isto non debía ser un impedimento para conseguir acordos nestes temas.

12) Creación dun INSTITUTO GALEGO DE EMPREGO E FORMACIÓN. Organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo (ou a aquela que teña estas competencias, en caso de non se criar esta consellería tan necesaria por parte do goberno galego), con personalidade xurídica e orzamento de seu. Con facultades de organización xeográfica

e funcional, dotado de medios materiais, informáticos, de infraestruturas e recursos humanos cualificados.

13) Pensamos que así mesmo cómpre poñer en práctica a creación do Servizo Galego de Emprego, en substitución do Servizo Galego de Colocación. Posta en marcha dun Consello Galego de Formación Profesional. Negociación e transferencia das políticas pasivas de emprego do INEM ao goberno galego. Asinamento dun acordo galego de Formación Contínua. Elaboración do Plano Galego de Formación Profesional.

14) Aplicación do principio de cooperación: os fondos estruturais deben ter unha clara orientación dirixida ao emprego estábel, e os axentes económicos e sociais deben participar en todas as fases.

A formación é un elemento fundamental para acadar produtos de calidade, un maior rendimento no traballo e enfrentar-se mellor aos problemas laborais. Pero para iso ten que estar inserida na realidade económica e social do país no que se realiza; non valen cópias.

15) Medidas que reduzan a xornada ás 35 horas semanais. Prevendo compensacións a aquelas empresas privadas que pacten a redución da xornada e crie a cambio novos postos de traballo. No sector público a redución da xornada laboral a 35 hs., coa contratación de novo persoal, debe realizarse durante os tres anos que restan da actual lexislatura. Supresión radical das horas extras, mediante o aumento das cotizacións e mecanismos de inspección que eviten a realización. Fomentar tamén outros xeitos de redistribución do traballo (xubilación anticipada voluntaria, total ou parcial, redución de xornada voluntaria, etc., sempre que impliquen unha nova contratación).

16) Extensión das prestacións económicas a todos os parados/as galegos/as ou que leven residindo en Galiza máis de 3 anos, maiores de 21 anos, ou aos galegos/as retornados/as, nunha contía igual ao salario mínimo interprofesional (68.000 pta).

17) Asumir desde a Xunta a cota empresarial da Seguridade Social durante a baixa por maternidade, como medida incentivadora da integración laboral da muller.

Son estas últimas medidas que teñen un claro significado social, tanto no referente á cobertura económica dos parados como á inserción laboral da muller, xa que minguan a marxinación dos desempregados, ao crear un escalón mínimo nas condicións de contratación (eliminando así en grande medida a economía submerxida e a fraude á Seguridade Social) e facilitan a inserción da muller no mercado laboral. Son medidas que enfrentan o gran problema estrutural derivado do avance tecnolóxico e na produtividade.

Galiza, 29 de decembro de 1997.